




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Golfo Ártabro. Sector: Ria de Ferrol. Concello: Ferrol. Parroquia: Santa María de Brión na parte oeste e Santa Rosa de Viterbo da Graña na oriental. Extensión: 1,92km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Tras a garganta da ría de Ferrol e ollando para o interior aparece esta unidade que goza dun levantamento tectónico e de procesos de erosión diferencial entre granitos e xistos para explicar os fortes desniveis respecto aos contornos. É unha unidade mixta cunha costa que se encontra moi modificada pola instalación de infraestruturas portuarias. Trátase dun chanzo intermedio entre as unidades deprimidas do este e as cimas máis elevadas dos Montes de Brión.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a área é hercínica, do Macizo de Ferrol, cunha granodiorita postectónica (tardía) de dúas micas con orientación de fluxo. Só o extremo costeiro sur, baixo a base naval consta de materiais metamórficos da "Serie de Ordes".

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Ambiente climático Cálido e Subhúmido no que a temperatura media anual supera os 14°C e a amplitude térmica media sitúase entre 12,5°C e 13,5°C. No tocante ás precipitacións rexístranse máximos acumulados de 1200mm ao ano e valores mínimos en torno a 1000mm

OS SOLOS

Unidade granítica con pendentes variables, na súa maioría relativamente elevadas, desenvolvendo solos umbrisois dístrico-lépticos. A densa ocupación humana, especialmente na parte sur, introduce antrosois nalgunhas zonas..


AS AUGAS

Unidade sen rede fluvial significativa formada por unha vertente que desauga na masa de Augas Costeiras da parte interna da Ría de Ferrol (20124).

O PATRIMONIO NATURAL

É unha unidade moi transformada e ocupada por un poboamento denso, na que se poden observar matos secos europeos 4030 nas partes altas da unidade, onde o permiten os eucaliptales. Costa completamente transformada, só é de destacar a irregular e gran masa de frondosas caducifolias autóctonas que ocupa a ladeira sueste do Monte do Fontelo. Son restos do antigo souto de Brión e A Graña e de carballeiras que non foron destruídas por ser propiedade da Base Naval: hábitats 9230, "Bosques galaicos-portugueses con Quercus robur e Quercus pireaica" e 9260, "Bosques de Castanea sativa".

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Ladeira este de pendente variable ocupada na súa maior parte por un asentamento de poboación arredor do lugar da Graña, de orixe tradicional, vinculado aos terreos de cultivo circundantes e por instalacións militares apoiadas no bordo costeiro, o cal foi transformado por este uso. Próximo á cima do monte de Brión, os queirugais e as matogueiras costeiras, tapizan as cotas máis altas. No bordo sueste existen rodais de certa extensión de bosque caducifolio de castiñeiro e carballo. Unha mancha continua de especies de repoboación ocupa os tramos medios e altos da ladeira que enmarcan a unidade.

MORFOLOXÍA

O núcleo da Graña, lineal arredor da estrada local está limitado polas instalacións militares ao leste e a topografía de forte pendente ao oeste. Nunha cota superior e en continuidade con este, agrúpase de forma alveolar o núcleo tradicional de Brión arredor da cota 150. Estes dous núcleos son os elementos máis sobresalientes da valgada que configura esta unidade, pechada ao mar polas instalacións militares.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A vía da deputación que desde Ferrol bordea a costa norte da ría, ramifícase para comunicar os núcleos da Graña e Brión coa cidade de Ferrol e configura a infraestrutura de mobilidade presente nesta unidade

PATRIMONIO HISTÓRICO

Varias mámoas localízanse no monte de Brión na fronteira ideal desta unidade e a de San Felipe. Por outra banda encontrámonos varios exemplos de arquitectura popular no núcleo de A Graña, entre a arquitectura relixiosa as igrexas de Santa Rosa de Viterbo e a de Santa María de Brión. Tamén figuran a nave e o puerto de Astafersa relacionadas coa industria naval e o arsenal e o astillero de A Graña.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O seu carácter está fortemente marcado polas instalacións da base naval da Graña. Estas ocupan toda a fronte litoral e condicionan as vías de acceso aos núcleos da Graña, San Felipe e Brión. Ditas poboacións adquiriron unha acusada singularidade como consecuencia do seu illamento respecto da próxima cidade departamental. Nos últimos anos, algunhas edificacións están a ser recuperadas con programas de rehabilitación e axudas da administración.

DINÁMICA DA PAISAXE

Pódese falar de dúas dinámicas da paisaxe. Unha derivada da artificialización do bordo litoral ocupada por numerosas instalacións militares fronte ás que experimentaron os núcleos tradicionais da Graña e Brión, moi condicionados ambos polas dificultades de acceso, que os mantiveron á marxe da dinámica urbana de Ferrol.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

A Graña constitúe a antesala da cidade de Ferrol. O elemento que singulariza a esta unidade corresponde ás importantes instalacións militares da mariña. A Graña foi o primeiro asentamento do arsenal e un pequeno estaleiro para a fabricación de navíos. Este protagonismo apenas durou unha vintena de anos, xa que enseguida se decidiu trasladar, a Esteiro, os devanditos estaleiros.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS







A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |












Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



